## Responder ó alumnado adxuntando material corrixido

Se creamos unha tarefa na que o alumnado nos ten que enviar, por exemplo, un documento de texto sobre o que nós queremos traballar para devolverllo corrixido haberá que crear unha tarefa "**Actualización avanzada de ficheiros**":




Configuramos a tarefa, cualificación, datas, ... En **número máximo de ficheiros hai que poñer polo menos dous (por defecto veñen 3).**

Unha vez dentro da tarefa imos a corrixir os exercicios enviados:



Na lista (no exemplo teño o modo de avaliación rápida) aparecerán os exercicios enviados. Clicamos en “cualificación”:




Ábrese unha ventá similar á da imaxe a través da cal poderemos abrir o traballo enviado, descargalo e modificalo para devolverllo corrixido:

1. En “ficheiros resposta” clicamos en “navegar...”
2. Clicamos en “Cargar este ficheiro”.




Así o alumno poderá ver o arquivo que enviou e a nosa resposta.